

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 4 DE ABRIL DE 2022

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Armoso (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G. Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día catro de abril de dous mil vinte e dous, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 31/01/2022

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á citada acta, con 12 votos a favor, e 1 abstención do Sr. Ferreiro Rego, motivada pola súa inasistencia á sesión.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 1/2022 AO 9/2022

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- APROBACIÓN DE CRITERIOS DE INTERPRETACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPAIS DE PLANEAMENTO

Visto o informe técnico-xurídico que seguidamente se transcribe, emitido polo Arquitecto do servizos técnicos municipais, polo responsable do servizo de apoio técnico-administrativo e polo Secretario Xeral do Concello, e previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, pola Alcaldía proponse ao Pleno a aprobación da interpretación recollida en dito informe para a Ordenanza 3 das Normas Subsidiarias

Municipais de Planeamento:

“INFORME

Antecedentes

Suscítase a consulta sobre a viabilidade dunha licenza urbanística para a construción dun edificio na avenida de Alxeciras, 104, destinado ao uso de vivenda unifamiliar, nun solo clasificado como solo urbano consolidado rexido pola Ordenanza 3, “de extensión en frente de manzana” polas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, aprobadas definitivamente o día 22 de xullo de 1992 pola Comisión Provincial de Urbanismo e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 281, do 5 de decembro de 1992.

Fundamentos Xurídicos

O presente informe responde á necesidade de aclarar aspectos sobre os que se poden suscitar dúbidas interpretativas na aplicación das NNSS, como xa se fixera cos acordos publicados no BOP núm. 267, do 22 de novembro de 1994, e no núm. 39, do 16 de febreiro de 1995.

Como se apuntou nos antecedentes, a parcela sobre a que se interesa a edificación está clasificada polas NNSS como solo urbano consolidado, regulamentado no art. 59, que baixo o título “De extensión en frente de manzana”, dispón a seguinte ordenación:

1. Definición y ámbito.

Comprende esta Ordenanza ámbitos continuos definidos por alineacións con frente a la red principal de travesías de carretera en el núcleo de Xubia, así como determinados enclaves en la extensión de la villa de Neda, edificados predominantemente con vivienda plurifamiliar sin llegar a cerrar manzanas.

2. Condiciones de volumen.

Las alineaciones y fondos edificables se establecen en los Planos de Ordenación, en su ausencia los fondos edificables serán de 12 m. Se admite una altura máxima de 14 m. equivalente a bajo y tres plantas de piso. En los bajos podrá autorizarse una entreplanta comercial, sin sobrepasar el fondo de edificación y con luces a la fachada posterior, y podrá prolongarse, en lo que no constituya entreplanta, manteniendo un retranqueo mínimo de 3 m. en los contactos de parcela con otras ordenanzas. Para las restantes condiciones se estará a lo dispuesto en la Ordenanza 2.

3. Condiciones singulares de conservación.

Las edificaciones existentes con elementos arquitectónicos de sillería, fundición y rejería, galerías o carpinterías y las catalogadas tendrán el mismo tratamiento que el definido por el párrafo 6 de la Ordenanza 1.

4. Usos.

Análogos a los definidos en la Ordenanza 2.

A dúbida interpretativa xorde con respecto á posibilidade legal de desenvolver o uso de vivenda unifamiliar.

Este uso está definido no art. 43 NNSS -vivenda familiar- como “la situada en parcela independente, en edificio aislado o adosado a outro horizontalmente pero con acceso exclusivo e independente desde la vía pública”.

No número 1 da propia Ordenanza 3 faise alusión a que nos ámbitos definidos por esta Ordenanza, a edificación predominante –e, polo tanto, non exclusiva- é a vivenda plurifamiliar.

Como xa vimos, en canto aos usos o art. 59 remítese aos “análogos” da Ordenanza 2 que, por unha banda, refírese á vivenda plurifamiliar, mais por outra trátase dunha remisión por analoxía, non de identidade.

Así pois, o art. 59 das NNSS atinxe á configuración exterior do edificio no senso de que se integre nun ámbito urbano edificado “predominantemente con vivenda plurifamiliar sin llegar a cerrar manzanas” e xa que o outorgamento das licenzas é unha actividade administrativa regrada, non existen argumentos para denegar o que se solicita, pois o uso de vivenda familiar non está expresamente prohibido e do contido da Ordenanza non se desprende ningunha limitación ao respecto, máis aló –repítese- da necesidade da integración volumétrica e do cumprimento dos demais parámetros urbanísticos, así como do art. 43 NNSS que regula o uso de vivenda.

Polo tanto, conclúese e propónse ao Pleno a adopción do criterio interpretativo:

1º. – Na Ordenanza 3, art. 59, das NNSS admítese o uso de vivenda plurifamiliar e unifamiliar, sempre que á configuración exterior do edificio se integre volumetricamente e cumpra os demais parámetros urbanísticos do precepto, así como os do art. 43, respecto do dito uso.

2º. – Incorporar este acordo como anexo ás NNSS.

3º. – Remitir o acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

4º. – Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

O que se informa sen prexuízo de calquera outra interpretación mellor fundada”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta, quedando convertida en acordo nos seus propios termos.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

4º.- APROBACIÓN ORZAMENTO 2022

O Pleno coñece da proposta da Alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas, do seguinte tenor literal:

“Dáse conta do proxecto dos orzamentos de gastos e ingresos para o ano 2022, así como tamén da proposta de **Aprobación do límite do gasto non financeiro**. Todo iso en virtude do exposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Tendo en conta que o Consello de Ministros, con data 6 de outubro de 2020, acordou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021 e solicitou ao Congreso dos Deputados a apreciación de que en España estamos sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e no artigo 11.3 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).

Segundo acordo do Consello de Ministros do 27 de xullo de 2021 esta suspensión se aplicará tamén o exercicio 2022, en virtude do que, non procede aplicar o cálculo da regra de gasto con relación o límite de gasto non financeiro segundo se expón no informe da Intervención municipal, pero si aplicar o límite de estabilidade orzamentaria tal como indica o mencionado informe.

Coñecido o contido do informe da Intervención municipal relativo o cálculo do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2022 onde o importe deste límite se fixa en 4.821.340,58€.

Propónse a aprobación do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.-*Aprobar inicialmente o Orzamento deste concello para o exercicio 2021 que ascende, nivelado en gastos e ingresos, á cantidade de CATRO MILLONS OITOCENTOS CORENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS CON CINCUENTA E OITO CENTIMOS-(4.845.340,58 €) segundo o seguinte resumo por capítulos:*

- ESTADO DE GASTOS -

CAP.	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES.	
1	<i>Gastos de persoal.</i>	<i>1.151.236,37</i>
2	<i>Gastos en bens correntes e de servicios.</i>	<i>3.218.912,59</i>

3	<i>Gastos financeiros.</i>	4.000,00
4	<i>Transferencias correntes.</i>	237.134,34
	B) OPERACIONES DE CAPITAL.	
6	<i>Investimentos reais.</i>	210.057,28
7	<i>Transferencias de capital.</i>	
8	<i>Activos financeiros.</i>	24.000,00
9	<i>Pasivos financeiros.</i>	
	SUMA TOTAL DOS GASTOS.	4.845.340,58

- ESTADO DE INGRESOS -

CAP	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES.	
1	<i>Impostos directos.</i>	1.211.966,89
2	<i>Impostos indirectos.</i>	45.000,00
3	<i>Taxas e 5tros ingresos.</i>	910.227,15
4	<i>Transferencias correntes.</i>	2.566.684,26
5	<i>Ingresos patrimoniais.</i>	5,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL.	
6	<i>Enaxenación de investimentos reais.</i>	
7	<i>Transferencias de capital.</i>	87.457,28
8	<i>Activos financeiros.</i>	24.000,00
9	<i>Pasivos financeiros.</i>	
	SUMA TOTAL DOS INGRESOS.	4.845.340,58

SEGUNDO.- *Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal e as Bases de Execución do citado Orzamento.*

TERCEIRO.- Ordenar a correspondente tramitación para a efectividade deste acordo consonte coas normas establecidas, e polo tanto que se expoña ó público aos efectos de exame polos interesados e, no seu caso presentación das reclamacións, por un prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, todo elo como establece o Art. 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO.- Acordar a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2022 por importe de 4.821.340,58 euros.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

5º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, por parte da Alcaldía propónse ao Pleno a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, que seguidamente se recolle:

Limiar

A regulación do Imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana – IIVTNU- no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais –TRLRFL- vén sendo obxecto de diversas sentenzas do Tribunal Constitucional.

A última destas sentenzas, a número 182/2021 ditada o día 26 de outubro polo Pleno do dito Tribunal (BOE núm. 282, do 25 de novembro de 2021), declarou a inconstitucionalidade e a nulidade dos artigos 107.1, segundo parágrafo, 107. 2 a) e 107.4 do TRLRFL, que supuxo a súa “expulsión del ordenamiento jurídico, deixando un vacío normativo sobre la determinación de la base reguladora que impide la liquidación, comprobación, recaudación y revisión de este tributo local y, por tanto, su exigibilidad (...)” (número 6 a) dos Fundamentos Xurídicos da sentenza) e emprazou ao lexislador estatal a que “lleve a cabo las modificaciones o adaptaciones pertinentes en el régimen legal del impuesto”.

En cumprimento do anterior publicouse o Real decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro (BOE núm. 268, do 9 de novembro de 2021), polo que se adapta o TRLRFL á recente

xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do IIVTNU, que se materializa sobre aspectos tan relevantes do imposto como a súa natureza, feito imponible e supostos de non suxeición (artigo 104); a base imponible (artigo 107) e a súa xestión tributaria (artigo 110). Ordena, así mesmo, aos Concellos que teñan establecido este imposto –como acontece no noso- a que no prazo de seis meses dende a entrada en vigor do Real decreto-lei, leven a cabo a adecuación das súas ordenanzas fiscais ás disposicións da nova norma estatal.

O eido da dispoñibilidade de actuación dos Concellos polo que respecta a este imposto atinxe aos aspectos substantivos e formais da exención prevista no artigo 105.1 b) TRLRFL –bens no perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico ou declarados individualmente de interese cultural segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño-; a posibilidade de liquidación e do establecemento dun coeficiente reductor nos supostos que especifica o artigo 107.2 a) e 107.3; a aprobación dos coeficientes a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación segundo o período de xeración do incremento do valor –sen superar os coeficientes que, co carácter de máximos, recolle o artigo 107.4-; o establecemento do tipo de gravame, así como a regulamentación de certos aspectos substantivos e formais das bonificacións por actos realizados a título lucrativo por causa de morte ou referidos a terreos sobre os que se desenvolvan actividades económicas en determinadas circunstancias (artigo 108). Finalmente, deberase determinar a declaración que deberán presentar os suxeitos pasivos, cos elementos imprescindibles da relación tributaria para practicar a liquidación, así como a facultade de establecer, se así se entende oportuno, o sistema de autoliquidación (artigo 110).

Esta Ordenanza segue os Principios de boa regulación do artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e, en particular, o da proporcionalidade recollido no seu número 3, segundo o que “a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir coa norma”.

En atención ao exposto na súa redacción prefírese evitar reiteracións innecesarias e establecer a remisión aos conceptos e as determinacións básicas do TRLRFL, reservando o contido substantivo da Ordenanza a aqueles aspectos que, dentro da marxe de actuación descrita no anterior parágrafo, se decide regulamentar e, obviamente, a aqueles outros nos que o emprazamento legal constitúe unha obriga para os municipios, sen prexuízo de que, pola súa importancia, se destaque expresamente, xunto ao concepto do imposto -que se recolle no artigo 2.1 da Ordenanza-, dúas das novidades máis importantes introducidas polo Real decreto-lei.

Estas novidades consisten, por unha banda, na non suxeición ao imposto no supostos nos que se constate a inexistencia dun incremento de valor (artigo 2.2) e, por outra, a posibilidade de que o obrigado tributario opte ben polo sistema obxectivo da determinación da base imponible (artigo 4.3) ou ben mediante un novo sistema coñecido como de estimación directa do incremento de valor, naqueles casos nos que proceda e

que aquel así o solicite (artigo 4.4 en relación co artigo 2.2).

A Ordenanza dítase no exercicio das facultades conferidas polos artigos 15 e 59.2 TRLRFL.

Artigo 1. Normativa aplicable.

Establécese o imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana que rexerá neste municipio:

1. Polas normas reguladoras deste contidas nos artigos 104 a 110 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais –TRLRFL-, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

2. Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Obxecto e non suxeición por inexistencia de incremento de valor.

1. O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo que grava o incremento do valor que experimenten ditos terreos e se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2. Ademais dos outros supostos previstos no TRLRFL, non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor pola diferenza entre os valores de ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para tal fin, a persoa interesada en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para este efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data da devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, de ser o caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, de ser o caso, polo primeiro dos valores a comparar

sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos durante os que se puxo de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición, se ben o disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no artigo 104.3 TRLRFL ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Artigo 3. Exención de bens en Conxunto Histórico-Artístico ou de interese cultural.

Sen prexuízo das exencións previstas no artigo 105 TRLRFL, estarán así mesmo exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia das transmisións que se atopen dentro dun perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.

Para estes efectos, deberase acreditar a obtención do título habilitante correspondente e a documentación técnica e administrativa apta para tales fins, e previo o informe favorable emitido polos Servizos Técnicos Municipais sobre o axuste das obras a dito título e sobre a relación das obras feitas coa conservación do patrimonio.

Artigo 4. Base imponible.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado durante un período máximo de vinte anos, e se determinará, sen prexuízo do disposto no último número deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación polo coeficiente que corresponda ao período de xeración de acordo co previsto no número 3.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas regras contidas no artigo 107.2 TRLRFL. Cando o terreo, aínda que sexa de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento da devindicación.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos durante os que se puxo de manifesto dito incremento.

Nos supostos de no suxeición, salvo que por lei se indique outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu a anterior devindicación do imposto.

Para o cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen

ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado consonte co disposto nos apartados anteriores e segundo o período de xeración do incremento de valor, será o seguinte:

<i>Período de xeración</i>	<i>Coeficiente</i>
<i>Inferior a 1 ano</i>	<i>0,14</i>
<i>1 ano</i>	<i>0,13</i>
<i>2 anos</i>	<i>0,15</i>
<i>3 anos</i>	<i>0,16</i>
<i>4 anos</i>	<i>0,17</i>
<i>5 anos</i>	<i>0,17</i>
<i>6 anos</i>	<i>0,16</i>
<i>7 anos</i>	<i>0,12</i>
<i>8 anos</i>	<i>0,10</i>
<i>9 anos</i>	<i>0,09</i>
<i>10 anos</i>	<i>0,08</i>
<i>11 anos</i>	<i>0,08</i>
<i>12 anos</i>	<i>0,08</i>
<i>13 anos</i>	<i>0,08</i>
<i>14 anos</i>	<i>0,10</i>
<i>15 anos</i>	<i>0,12</i>
<i>16 anos</i>	<i>0,16</i>
<i>17 anos</i>	<i>0,20</i>

<i>18 anos</i>	<i>0,26</i>
<i>19 anos</i>	<i>0,36</i>
<i>Igual ou superior a 20 anos</i>	<i>0,45</i>

Xa que estes coeficientes serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, podendo levarse a cabo mediante as leis de presupostos xerais do Estado, de conformidade co previsto no art. 107.4 TRLRFL, se como consecuencia de dita actualización anterior algún dos coeficientes aprobados por esta ordenanza fiscal resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente até que entre en vigor a modificación da ordenanza fiscal que o corrixa.

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme co procedemento establecido no artigo 2.2 desta Ordenanza se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada consonte co disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe de dito incremento de valor.

Artigo 5. Tipo de gravame e cotas.

1. O tipo de gravame do imposto fíxase no vinte e cinco por cento.

2. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, de ser o caso, a bonificación do 90% nas transmisións da vivenda habitual e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio sobre ela, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que estivese empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, cando menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se dito prazo fose inferior aos dous anos.

Para gozar desta bonificación deberá solicitarse dentro do prazo fixado no artigo 6.2 b) desta Ordenanza.

Artigo 6. Xestión tributaria do imposto.

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante o Concello unha declaración na que deberá constar a identificación e a achega dos elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente. Esta declaración poderase facer ben no modelo que figura no Anexo desta Ordenanza ou ben en calquera outro, sempre que se cumpra cos requisitos esixibles.

2. A declaración presentarase nos seguintes prazos, que se contarán dende a data en que

se produza a devindicación do imposto:

a) Cando se trate de actos inter vivos, o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses, prorrogables até un ano, sempre que medie a solicitude do suxeito pasivo.

3. Á declaración acompañarase os documentos nos que consten os actos ou os contratos que orixinan a imposición.

4. Non será de aplicación neste Concello o sistema de autoliquidación.

5. As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos e se lles indicará o prazo para efectuar o ingreso e os recursos procedentes.

6. Con independencia do disposto no número 1 deste artigo, están igualmente obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a) Nos supostos previstos no artigo 106.a) TRLRFL, sempre que se teñan producido por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos previstos no artigo 106.b) TRLRFL, o adquirente ou a persoa a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

7. Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, unha relación ou un índice comprensivo de todos os documentos autorizados por eles no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, a excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, unha relación dos documentos privados que conteñan os mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que se lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de firmas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

Na relación ou índice que remitan os notarios ao Concello, deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmobles cando dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

Os notarios advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre o prazo dentro do que están obrigados os interesados a presentar a declaración polo imposto e, así mesmo, sobre as responsabilidades nas que incorran pola falta de presentación das declaracións.

Artigo 7. Infraccións e sancións.

Para o exercicio da potestade sancionadora relacionada con este imposto estarase ao disposto no Título IV da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas

disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten do TRLRFL, así como na Ordenanza Xeral Fiscal de xestión, recadación e inspección deste Concello, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 275, do día 28 de novembro de 2007.

Disposición Adicional.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición derogatoria.

Derrógase expresamente a Ordenanza fiscal número 2 reguladora do imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana vixente, publicada no BOP número 21, do 27 de xaneiro do 1998, cuxa redacción foi modificada con efectos do día 1 de xaneiro de 2004 (BOP número 293, do 23 de decembro de 2003)."

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana supra transcrita.

Segundo.- Someter o acordo a información pública por prazo de trinta días, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan formular reclamacións ou suxerencias.

Terceiro.- En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias no trámite de información pública, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación ate entón provisional.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

6º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, propónse ao Pleno a aprobación da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, que seguidamente se recolle:

Modifícase o artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, a través do cal se establece, de conformidade co previsto no artigo 74.5 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), a concesión dunha bonificación para os bens inmobles nos que se instalaren sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico

da enerxía proveniente do sol.

A modificación pretende concretar os requisitos esixibles para poder desfrutar desta bonificación, así como fixar o número de anos de duración de tal bonificación, en cumprimento da remisión do TRLRFL para que as Ordenanzas Fiscais fixen os aspectos substantivos e formais desta bonificación.

O novo texto do artigo 4.2 queda redactado como segue:

Artigo 4

2.- Establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles de uso residencial que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou fotovoltaico da enerxía solar, para autoconsumo. En todo caso esta bonificación unicamente será aplicable en relación con aqueles inmoble que por aplicación das determinacións da normativa vixente, non teñan a obriga legal de incluír nas súas instalacións un sistema de aproveitamento de enerxía solar.

Para gozar desta bonificación, deberá ser solicitada expresamente polo interesado/a.

As instalacións fotovoltaicas deberán proporcionar un aporte mínimo de 2.000 vatios de potencia por cada 100 m² construídos de vivenda; e 5.000 vatios por cada 100 m² para outros usos. As instalacións térmicas disporán dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² construídos de vivenda.

No caso das instalacións térmicas, a aplicación da bonificación estará condicionada a que estas instalacións inclúan captadores solares que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Esta bonificación terá unha duración de 5 anos a partires do exercicio seguinte ó da súa instalación.

Corresponderá ó solicitante a acreditación documental de que se cumpren os requisitos antes referidos, recaendo nos servizos técnicos municipais a verificación do mantemento da instalación en tanto se manteña a bonificación do imposto.

E introdúcese unha disposición transitoria:

Disposición Transitoria

Para aqueles inmobles que teñan xa concedida unha bonificación das reguladas no artigo 4.2 da presente Ordenanza á entrada en vigor da nova redacción do artigo 4.2, o prazo de 5 anos previsto como de duración máxima da bonificación, comezará a aplicarse a partires do ano de entrada en vigor da dita modificación.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles supra transcrita.

Segundo.- Someter o acordo a información pública por prazo de trinta días, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan formular reclamacións ou suxerencias.

Terceiro.- En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias no trámite de información pública, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación ate entón provisional.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O ACCESO DA POBOACIÓN AOS SERVIZOS FINANCEIROS.

O portavoz da formación defende a moción, do seguinte tenor literal:

“O Grupo Municipal Popular no Concello de Neda de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Banco de España correspondentes ao pasado setembro, no último ano a banca pechou en España case un 11% das oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56% menos que as 46.118 do 2008. Galicia viu desaparecer nos últimos 12 meses 189 sucursais bancarias.

Se comparamos os datos dos últimos 6 anos, a 30 de setembro de 2015 en Galicia había 1.719 oficinas abertas, fronte as 1.096 que se contabilizan no ano 2021, isto é, un 36% menos. Porén, a nivel estatal este dato é moito máis preocupante, cunha perda de oficinas do 56%.

As entidades financeiras están a priorizar o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financeiros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras, deben garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio e que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Existen iniciativas semellantes ao longo do territorio español, nas que están involucradas outros gobernos autonómicos, deputacións provinciais, concellos, ou incluso a empresa pública estatal Correos que, segundo ten anunciado, pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Dende o noso grupo valoramos moi positivamente todas estas medidas, pero consideramos que debería existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, xa que non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se da no conxunto de España, tal e como vemos nos medios de comunicación, e no que todas as administracións deben implicarse.

Tal e como se recolle na moción aprobada no pleno do Senado o 9 de setembro, existe un amplo consenso para que o Goberno de España elabore un estudo detallado sobre a situación real de exclusión financeira e se acorde un paquete de medidas global para abordar este problema.

No pasado mes de setembro, o Partido Popular, a través do seu grupo parlamentario, levou ao Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa na que se demandou do Goberno do Estado unha actuación coordinada e a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do Senado.

Meses despois, a problemática segue sen resolverse, e todo indica que continuará agravándose non vindeiros anos, polo que é necesaria é urxente unha actuación por parte do Goberno estatal.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Neda, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

O concello de Neda insta a Xunta de Galicia a:

- *Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para*

a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

- *Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.”*

Emenda de engádega que presenta a Sra. Concelleira do BNG, ao obxecto de incluír un punto mais na parte dispositiva da moción, do seguinte tenor literal:

“Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencia campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos, e a desenvolver tamén, no seu ámbito de competencia, as actuacións necesarias para evitar a deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galiza”.

Emenda que é aceptada polo grupo municipal do PP, en canto proponente da moción.

VOTACIÓN (coa emenda de engádega): O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 3 votos a favor da súa aprobación, dos Sres. Concelleiros de PP e BNG, 9 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

8º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AS ACTUACIÓNS PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS

A concelleira da formación defende a moción do seguinte tenor literal:

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Neda presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción:

Exposición de motivos:

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra

do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos afrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque**

Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.
2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.
3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.
5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.
6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.
7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.
8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.
9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudiantado máis afectado.
10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o

IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 2 votos a favor da súa aprobación, dos Sres. Concelleiros de BNG e MOVENEDA, 9 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 2 abstención dos Sres. Concelleiros do PP.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

9º.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO AO POBO SAHARAÚ

A concelleira da formación defende a moción do seguinte tenor literal:

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Neda presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sáhara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prérgase aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alínea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte , e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia

existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sáhara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sáhara Occidental.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria de por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 4 votos a favor da súa aprobación dos Sres. Concelleiros de BNG, PP e MOVENEDA, e 9 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

10º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA CONDENAR A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA.

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 12 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA aproba a seguinte declaración institucional de condena da invasión rusa en Ucraína:

“O Concello de Neda manifesta a súa máis firme condena á invasión Rusa a Ucraína, esixindo o inmediato alto ó fogo e retirada das tropas rusas do territorio ucraniano, esixindo o fin dun ataque ilexítimo, inxusto, que vulnera de maneira flagrante o dereito internacional e os dereitos fundamentais das persoas, procedendo ó respecto á soberanía dos pobos, á súa integridade territorial e á defensa da democracia, da liberdade, e da paz. Amosamos a nosa solidariedade co pobo ucraniano, con todas as vítimas de este conflito e amosamos o noso apoio ás organizacións que traballan na defensa e protección

dos dereitos humanos, e amosamos igualmente o noso apoio e colaboración para mobilizar os recursos necesarios a fin de acoller refuxiados provenientes de Ucraína, ante unha grave crise humanitaria, poñéndonos á disposición do goberno para colaborar na medida das nosas posibilidades e dos nosos recursos”.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e trinta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral